



Concello de Outes

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19
NOS SERVIZOS DE MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS 2021/2022.
PROGRAMA OUTES CONCILIA DO CONCELLO DE OUTES

D/D^a.....con DNI/NIE.....

Como proxenitor/tutor-a da persoa participante (menor de idade):

D/D^a.....con DNI/NIE.....

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos a data da entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que a persoa participante non convive con ningunha persoa afectada pola Covid-19 nin estivo en contacto estreito, nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola Covid-19, nos 14 días previos a data de entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente ao Concello de Outes calquera problema de saúde vinculado coa COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Declaro, no caso de pertencer a persoa participante a un grupo vulnerable fronte a Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

PERSOA VULNERABLE: Persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabeite, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

A persoa participante comprométese a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver as actividades.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA SOBRE A ADAPTACIÓN DOS SERVIZOS DE MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS Á COVID-19

Declaro que recibín e lin a información da adecuación dos SERVIZOS DE MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS 2021/2022 do programa Outes Concilia a COVID-19 e polo tanto teño coñecemento e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o protocolo de actuación nos casos de emerxencia ou risco de contaxio na actividade dos mencionados servizos do programa Outes Concilia 2021/22 do Concello de Outes.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que coñezo os riscos que implica a participación nestes servizos no contexto da pandemia motivada pola COVID-19 para o/a participante e o seu entorno de convivencia, que asumo baixo a miña responsabilidade.

En Outes, a.....de..... de 2021

Asdo.: